

Contribución de Carlos Alberto Ferreira de Almeida ó coñecemento da Cultura Castrexa¹

Francisco Calo Lourido

ABSTRACT:

This paper is an approach to the methodologies followed by Carlos Alberto Ferreira de Almeida in his researches of History of Art, Archeology and Anthropology. It shows his evolution and the essential contribution that he made to the knowledge of "Cultura Castreja".

Quizais por tratarse dun traballo moi laborioso, que precisa dunha boa formación metodolóxica en xeral e sobre Cultura Castrexa en particular, así como dispor do maior número posible de publicacións, dispersas moitas delas en revistas locais desaparecidas, aínda non contamos cunha historia da historia do Castrexo. Aproveitando o nome do amigo e, para o que agora interesa, relevante estudoso desta cultura, decidín que a miña colaboración ó seu congreso versaría sobre a súa obra, incardinándoa, a xeito de primeiro chanzo, nesa futura historia que, aínda que levante ronchas como tódalas antoloxías e obras desta caste, xa vai sendo tempo de encarar.

A miña intención primeira foi a de enfocar a análise na liña da corrente antropolóxica posmoderna de Clifford Geertz e seguidores, metodoloxía que analiza a obra a partir do coñecemento que se ten sobre o autor; pero boteime atrás porque, aínda sabendo moito da peripecia vital de Ferreira de Almeida, algunhas etapas importantes na súa formación non me son totalmente evidentes e, para que o método de Geertz sexa fiable, non debe de haber zonas significativas en sombra ou penumbra. Reducirei, pois, ó mínimo imprescindible as alusións á vida do autor.

As súas inquiredanzas intelectuais levárono a investigar en diferentes eidos do saber, sobre todo en historia, historia da arte, antropoloxía e arqueoloxía, e, nesta última disciplina, nas etapas castrexa e romana do Noroeste, sen renunciar a algunha incursión no mundo medieval.

O primeiro que pode resultar rechamante para calquera que saiba da súa liña de traballo é comprobar que se trata dun autor que ven sendo coñecido pola súa obra arqueolóxica sobre protohistoria e romanización (e este congreso está a evidencialo), mentres que tódolos seus traballos académicos (tese

¹ Esta colaboración foi elaborada para o Coloquio de Homenaxe a Carlos Alberto Ferreira de Almeida celebrado en Santiago do 2 ó 4 de outubro de 1997. O Departamento de Historia I da Universidade de Santiago foi demorando a súa publicación ata, sen devolver os orixinais nin comunicalo ós autores, decidir que non se publicaba. Agradezo que fora aceptada, íntegra e sen modificación, no presente volume.

de licenciatura, tese de doutoramento e proba de agregación) xiran ó redor de importantes e variados asuntos da Idade Media. Se no primeiro se encara co tema das vías, glosará no segundo aspectos históricos e artísticos para, no terceiro, desenrolar un tema estritamente de historia da arte. Non debemos perder de vista que, desde o punto de vista académico, era Doutor en Historia da Arte e que, administrativamente, era Catedrático desa disciplina. Por todo o anterior, considero que non debo de entrar sen máis nos seus traballos sobre Cultura Castrexa, xa que todo investigador debe de ser valorado e comprendido na súa globalidade. Considero, xa que logo, necesario dedicar unha parte desta comunicación a analizar o Ferreira de Almeida historiador, antropólogo e historiador da arte.

Se observamos cunha certa atención o conxunto da súa obra, logo nos decatamos de que estamos diante dun estudoso perfectamente catalogable dentro dunha tradición común a Galicia e ó Norte de Portugal. Os etnógrafos dunha banda e doutra do Miño, o mesmo os do Seminario de Estudos Galegos, que non vou citar por ben coñecidos, como os moitos portugueses, ós que rindo homenaxe no meu sempre particularmente admirado Leite de Vasconcelos, traballaron apaixonadamente na reconstrución (como xeito de explicación) do pasado do noso pobo, traumática e estupidamente divorciado. Etnografía e historia eran para todos eles cousas idénticas, ou cando menos camiños complementarios para chegar a unha explicación totalizadora do ser galego, do ser miñoto. É por iso polo que todos serán historicistas e polo que todos subirán ó carro da escola histórico-cultural vienesa. Investigar cos presupostos desta escola require moito amor e complicidade co obxecto de estudo. Os que tivemos a fortuna de traballar e convivir con Carlos Alberto Ferreira de Almeida sabemos do seu profundo amor, da súa intensa comuñón con esta nosa terra común. Os lectores das súas obras non terán moito traballo para percibir o mesmo.

Que a escola histórico-cultural centroeuropea será o seu punto de partida, el mesmo nolo fai constar explicitamente no seu primeiro traballo de arqueoloxía: *“Seguimos por posição, como afinal o autor em questão (refírese a Jorge Dias), a escola histórico-cultural. Procuramos por principio uma origem histórica para todo o fenómeno de cultura”* (ALMEIDA, 1965). Cando se ocupe da supervivencia do paganismo, insistirá na importancia da *“formação historicista que marca profundamente a nossa cultura europeia”* (ALMEIDA, 1974a). Tódolos seus traballos están a testemuñar que nunca renunciou a esta metodoloxía, nin tan sequera cando descubre novos vieiros de interpretación e mesmo dá a impresión de que se deixa engaiolar por eles. Vai suceder isto a raíz de lle ter sido encomendadas unhas clases de antropoloxía na Universidade. Prepáraas con toda a profesionalidade, o que lle obriga a ler os máis diferentes autores de tódalas escolas e quedará impresionado - desto temos falado os dous en moitas ocasións - por Lévi-Strauss e o estruturalismo. Gustáballe moito a Almeida lembra-las *Mitolóxicas*, facendo uso da comparación co *Bolero* de Ravel.

Pero, aínda que daba a impresión de que quería selo, nunca foi un estruturalista exclusivo. Eu nunca dubidei de que as escolas sempre teñen unha grande cabeza e uns seguidores máis ou menos brillantes ou escuros; pero os grandes, ou crean escola propia, se lles dan oportunidade, ou cando menos funcionan por libre, aproveitando o mellor de cada unha de xeito ecléctico. O noso autor, na súa obra antropolóxica, móstrase as máis das veces como estruturalista, pero nos mesmos traballos aparecen citas de autoridade de Dumézil, o que non resulta discordante, mesmo pola conxunción de estruturalismo con aproximación histórica; nun mesmo nivel atopamos a Ruth Benedict cos seus modelos culturais, a antropoloxía económica de Herskovits (discípulo de Boas, como a anterior) ou, por suposto, a Godelier e a Redfield, a quen debemos a acuñación de *Cultura de Folk* aplicada a pequenas comunidades; tamén aparecerá Mircea Eliade, para quen os mitos eran historias exemplares, que, *“como sabemos, garantem o acerto dos padrões culturais”*, como dixo no sentido traballo no que compara a Santos Graça con Jorge Dias e mesmo cos dous autores que seguen (ALMEIDA, 1982d); non faltarán os grandes representantes da antropoloxía social inglesa, caso de Evans-Pritchard ou, por rematar o listado, Malinowski. Certamente, o funcionalismo foi outra das metodoloxías gratas a Almeida, e repetidamente emprega nas súas análises argumentos do autor dos *Argonautas do Pacífico* (Cfr. ALMEIDA, 1979a)

Nos seus traballos sobre a parroquia (ALMEIDA, 1981a e 1986a), aínda que el mesmo di que segue directamente a Lévi-Strauss, aprécianse outras moitas lecturas, sobre todo da xeografía humanística francesa, que, por certo, ven tamén poñendo énfase nos estudos nucleares e, concretamente, parroquiais.

Nos traballos sobre arte, atopamos un eclecticismo semellante ó que vimos de referir. A carón dun renovador do estudo das fontes da Historia da Arte, como Schlosser, atopamos un declarado marxista, como Hadjinicolaou, autor de *Historia da Arte e loita de clases*. Aparecerán os grandes estudosos das formas como Wölfflim ou Focillón; autores que mesturan a investigación simbólica coa análise formal, como Schapiro; sociólogos como Hauser; psicólogos da percepción -entre moitas outras cousas- como Gombrich, que soubo conxugar os presupostos da escola de Viena coa iconoloxía da escola de Warburg e, falando de Aby Warburg, non podían faltar, entre as lecturas e citas de Almeida, Wittkower e Panofsky, sendo precisamente os seus mellores traballos, segundo o meu criterio, os derradeiros, nos que segue a este último. Non faltará tampouco o francés Francastel ou, xa para rematar, outro investigador moi querido para o autor, quizais pola procura do intre histórico (sempre acompañará a Almeida o historicismo) no que aparecen as iconografía. Trátase naturalmente de André Grabar.

A historia, aínda que fora como presentación ou ambientación doutro tipo de estudos, estará tamén moi presente na obra do noso autor. Como sempre, ímolo atopar manexando moitos e grandes investigadores da talla de Braudel, Duby ou Le Goff. Nas súas introducións históricas, aparecerán repetidamente a escola de Annales de Marc Bloch e Lucien Febvre e os membros máis significados da École des Hautes Études en Sciences Sociales.

As lecturas de Ferreira de Almeida foron moitas e ben escollidas, como acabamos de ver polos seus traballos, e algúns incluso podemos dar fe de que os libros inundaban tódolos espazos da súa morada. Pero unha cousa son as lecturas e mesmo a admiración por determinados autores e outra moi distinta a aceptación intelectual da ideoloxía que subxace ou xera as súas metodoloxías. A formación inicial do noso autor foi a carreira eclesiástica; sendo sacerdote en zona rural, estuda historia, fai as diferentes probas, dá clases na Facultade de Letras e chega a Catedrático en Historia da Arte. El nunca compartiu o marxismo, nin tan sequera como teoría e, en longas conversacións comigo, o único socialismo que aceptaba, con reservas, era o utópico, o de Owen, Saint-Simon ou Fourier. Era, de ter que escoller, máis partidario de Bakunin que de Marx. Quéirase ou non, unha boa parte dos investigadores que veño de citar, porque el os emprega, navegan, ou cando menos iniciaron a súa singradura, en augas máis ou menos salpicadas ideoloxicamente por Hegel e Marx e así chegamos ás contradicións de Ferreira de Almeida. Por obvias razóns de brevidade non podo exemplificar en detalle, conformándome co seguinte.

É habitual nel anunciar consecuencias sociais, políticas, culturais e económicas, pero logo non se tratan estes temas. Vemos isto xa na súa tese de licenciatura sobre as vías medievais, traballo por outra banda magnífico, onde amosa xa unha grande erudición; pero no que esas consecuencias, das que fala, non aparecen (ALMEIDA, 1968). A tese de doutoramento versou sobre arte románica e consta de dous tomos. O primeiro deles está integramente dedicado a presentar a zona de Entre-Douro-e-Minho nos séculos do románico. Podo asegurar que a súa lectura é engaiolante. Trátase dunha visión antropolóxica do territorio na que vemos toda a vida latexando; é unha panorámica cultural dentro do máis logrado da *historia total*, da vida cotiá; lembra o estruturalismo, lembra o argumento envolvente do *Bolero*, lembra mesmo un funcionalismo harmónico malinowskiano. É mágoa que permaneza inédito este tomo. Pero cando rematamos a súa lectura e recapacitamos, notamos que falta algo imprescindible. Se me retiran as moitísimas datas dos documentos e me piden unha ubicación cronolóxico-cultural, non sei dicir que estou nun recanto da Europa Occidental do Medioevo. Podería tratarse dunha comunidade campesiña de calquera época, nun nivel económico de autoconsumo, dentro dun territorio de clima oceánico.

¿Que fallou aquí? O autor presenta unha sociedade idílica, sen conflitos, sen opresores e oprimidos, sen *oratores*, *bellatores* e *laboratores*, sen señores que se apropian da forza de traballo duns colonos e duns servos. Dito doutro xeito: é imposible saber onde e en que época estamos. ¿Pesaba tanto a condición do cura sobre a do científico como para evitar meterse no esforzo tremendo que para os campesiños

supuxo o florecemento da arte medieval? Entramos no segundo tomo, xa todo dedicado ás obras románicas, e o primeiro autor co que tropezamos, na introdución, é nada menos que Hadjinicolaou, seguido de Francastel e boa parte dos xa citados; Almeida chega a dicir que “a arte románica é pura ideología”; pero remata o capítulo introdutorio e todo o que segue é unha mera descrición formal das obras, sen outro tipo de análise, xustamente o que Hadjinicolaou (nunha cita diferente) criticaba nas teses de doutoramento. Fala longo e tendido de marcas de canteiro, dá unha verdadeira clase de epigrafía..., en suma, dedícase a tocar temas colaterais con respecto á historia da arte; pero ningún dos autores citados na introdución se vería reflectido neste traballo, unicamente descritivo (ALMEIDA, 1978a).

Na lectura que fixen desta tese, non atopei (o que non quere dicir, necesariamente, que non estea) a palabra feudalismo. Como complemento das probas de doutoramento presentou un traballo sobre casteloloxía medieval, no mesmo territorio da tese (ALMEIDA, 1978b), e aí, xa no preámbulo, se fala do “nosso feudalismo”, ó que máis adiante lle chamará peculiar e tardío. Novamente boto a faltar algo elemental: ¿Quen fixo estes castelos? ¿Co suor de quen se fixeron? Xusto cando remata, di que, se tivera tempo, trataría sobre os aspectos sociais, económicos, etc. Honradamente, penso que non o fixo porque nunca tivo intención, nin aquí nin en ningún outro traballo, de facelo.

Ás probas de agregación presenta outro tema de arte, concretamente sobre os nacementos ou *presépios*. Coido que este estudo (ALMEIDA, 1982a), totalmente distinto do da súa tese doutoral en canto á metodoloxía, é unha magnífica contribución na que o autor se mostra decididamente panofskiano, incorporando o aspecto histórico de Grabar. No ano seguinte, aparecerán outros dous traballos dentro da mesma liña: un sobre a Anunciación (ALMEIDA, 1983a) e outro sobre un díptico-relicario (ALMEIDA, 1983b). Naquela época, temos mantido os dous longas e frutíferas discusións, entre outros aspectos, sobre o simbolismo na arte, e gardo con respecto, como todo o demais de Carlos Alberto, un destes traballos coa dedicatoria. “Ao Calo Lourido. Imaginário, isto é, simbólico sempre”. Nos seus últimos artigos sobre Arte, vese que Almeida se sinte integrado e cómodo nesta corrente que arranca de Aby Warburg.

Tratándose este dun congreso de Arqueoloxía é moi probable que a algúns dos presentes todo o que veño de dicir lles resulte novo, pois, pola súa especialidade, saberán tan só do Ferreira de Almeida arqueólogo. Imos ver agora cal foi o seu papel no coñecemento da Cultura Castrexa, pero ignorando o anterior non é posible comprender a súa evolución e contribución ó mesmo. Certamente, nos límites dunha comunicación non se poden esmiuzar as tres decenas de traballos que publicou sobre o tema, polo que me conformarei con ir sinalando posicionamentos, cambios e fitos na evolución do seu pensamento.

O seu primeiro traballo neste eido versou sobre as casas redondas castrexas (ALMEIDA, 1965). A súa formación é a de cura e está a principiar a de historia, o que se nota inmediatamente, pois o artigo semella un traballo de curso feito por un bo alumno; non hai investigación de campo, reducíndose todo a unha recopilación bibliográfica, polo que recolle e transmite os saberes tópicos da época: xustifica cousas castrexas con outras do Bronce I do Levante español e dos construtores de megálitos, considera que Sanfins e Sabroso non teñen nada de romano e, seguindo a Blanco Freijeiro, defende a non celticidade dos castros. Fai unha longa cita de Balil (anos despois non o considerará arqueólogo, senón historiador, e deixará de citalo) e parécelle aceptable a súa teoría de que estas construcións redondas proveñen do Mediterráneo. Ó ano seguinte, defende a continuidade ocupacional dos castros ó longo da Idade Media e insiste en que, cando a documentación medieval fala de *castellum*, aínda hai que pensar e traducir *castro* (ALMEIDA, 1966).

Xa licenciado en Historia, temos dous traballos, de 1969 e 1970, nos que hai datos moi interesantes, pero tamén certas contradicións entre eles. Se nun di que Augusto conquista o Noroeste, encomezando así o punto cero da romanización, no outro asegura que non houbo loitas neste territorio nesa época. Moitos anos despois, nun dos seus últimos traballos sobre Cultura Castrexa, volveremos a atoparnos co “punto zero”, especificando que se emprega no senso de Malinowski, pero o tal inicio será ubicado en cronoloxía moi diferente. Asegura que a romanización foi moi tardía e lenta ó norte do Douro,

pero os materiais de Alvarelos fanlle dicir, pouco máis adiante, que este castro “*foi muito cedo e intensamente romanizado*” (ALMEIDA, 1969), o que entra en contradición co que defende no outro artigo, no que di que os sinais de romanización de Alvarelos son dos S. III-IV d.C. (ALMEIDA, 1970).

No seguinte traballo, estuda unha escultura, seguindo para isto a liña discursiva da época: en ocasións, os guerreiros galaicos non teñen as pernas completas, as cabezas son trofeos e “*parecem de tradição celta*”, non hai certeza de que esta peza sexa castrexa, pero “*tem um aspecto muito rudimentar*”; vemos, pois, tódolos lugares comúns empregados naquel tempo e, por algúns, aínda hoxe; pero, con respecto á peza obxecto de estudo, presúpón que ten unha cronoloxía, posiblemente, de época galaico-romana. Esta é unha apreciación ou intuición importante, como anos despois se puido verificar (ALMEIDA, 1971).

Ata o de agora, pode argumentarse que os traballos se contradín e mesmo teñen incorreccións, o cal é certo; pero Almeida atópase nunha etapa inicial de formación no mundo da arqueoloxía castrexo-romana, e podo asegurar que non está dicindo nada que sexa peor co que dicían tódolos especialistas peninsulares sobre Cultura Castrexa, nesos mesmos anos. Pero nesta década dos 70, veremos que case tódolos demais, ou non din nada ou seguen a dici-lo mesmo, mentres que vai ser agora cando Almeida sente as bases arqueolóxicas sólidas dunha nova visión desta cultura. A bibliografía está aí para demostrar isto e eu, nunha ocasión, falando do traballo de Carlos Alberto, dixen que, despois de feita a escaleira, hai quen presume de subila de costas ou choutando. Decidín nesta comunicación non citar máis bibliografía ca do autor, polo que non vou facer excepcións cos meus traballos, nin tan sequera co que contén a frase anterior. Aplicarei o mesmo criterio a uns artigos, do pouco que hai aproveitable da década dos 70, da autoría de Maluquer e Balil.

No ano 72, atoparémonos cun traballo sobre a Póvoa de Varzim que non deixa de ser unha escusa para expor tódalas súas ideas e coñecementos sobre a Cultura Castrexa, nesas datas. Preocúpase pola paleopaisaxe e segue aínda a López Cuevillas e Blanco Freijeiro, pero incide en dúas cousas mas que xa insistira Blanco: nas influencias meridionais, que sitúa non moito antes do S. IV a.C., e na non celticidade desta cultura. Di que a Cultura Castrexa é residual, acepta que hai enterramentos dentro dos poboados, considera as arracadas de Laundos coevas das primeiras influencias romanas e fala, por vez primeira, de barrios, no senso de unidades familiares, tema este que será desenrolado con especial énfase nos seus derradeiros traballos. Por último, presenta a primeira tentativa seria de clasificación da cerámica castrexa, baseándose, non en pezas illadas nos museos, senón nos materiais de cinco xacementos, e fai referencia a unha que “*agora vamos conhecendo melhor e que designamos com o nome de ‘cerâmica bracarense*” (ALMEIDA, 1972).

No ano 73, publica un par de artigos nos que se amosa xa como un tipólogo pulcro e un escavador preciso (ALMEIDA, 1973a e 1973b) e, nun terceiro traballo, aínda que caía nunha contradición, unhas páxinas despois, para poder xustificar a tardía entrada do cristianismo no Noroeste, parte da afirmación de que a romanización comezou cedo: “*Nos tempos de Augusto esta região é, política e administrativamente, organizada*” (ALMEIDA, 1973c). Fala tamén de castros que se reocupan, deixando atrás a continuidade lineal que defendera ó primeiro. Podo dicir que estes traballos de 1972 e 1973 están a mostrar xa un verdadeiro arqueólogo, que dubida, pero que avanza no emprego de bibliografía, de método e de interpretacións; pola contra, no artigo sobre as influencias do sur na Cultura Castrexa, penso que teñen máis valor os datos que aporta que as interpretacións, bastante desiguais (ALMEIDA, 1974c). Mentres tanto, Almeida está a realizar escavacións, entre outros xacementos, no Monte Mozinho e, neste mesmo ano, aparecerá a primeira memoria da súa autoría deste castro para, tres anos despois, publicar a segunda (ALMEIDA, 1974b e 1977). Unha vez máis, debo confesar que este castro ten para min unha significación especialísima, pois nel aprendín, da man de Carlos Alberto Ferreira de Almeida, como se debía de facer unha escavación arqueolóxica, e aínda hai agora dous meses que, fiel á cita anual, desde vai en 20 anos, estiven alí nos traballos da Doutora Soeiro, continuadora dos do *mestre*, como entre nós era e é coñecido Ferreira de Almeida.

Da primeira das publicacións sobre este xacemento, direi tan só que, por fin, temos un castro, no que se fai unha escavación e se incardinan todos e cada un dos achados no seu respectivo nivel e na súa precisa cronoloxía. Con só este traballo de 1974, xa a comunidade científica dedicada a esta cultura tería que ter a Almeida como referente obrigado. Pero, cando lemos o de 1977, atopamos algo novo no quefacer arqueolóxico do autor. El mesmo chega a dicir do seu traballo: “*este relatorio ficará a ser uma pedra fundamental na teorização da cultura castreja*”. Vai dedicar varias páxinas a conclusións, páxinas das que soamente quero dicir que deberan de ser de lectura obrigada para os estudosos do castrexo. Entre o primeiro e o segundo *Mozinho*, Almeida foi encargado de clases de antropoloxía na facultade e descubre que tódalas súas lecturas son aplicables ó que está a facer desde hai anos, e así empregará frases de Ortega: “*A casa é a expresión do cotidiano*”; ou falará da identidade do eu en oposición á alteridade do outro. A partir de aquí, xa non será o arqueólogo en senso puro e estrito, senón que se achegará sempre ós xacementos, procurando atopar os homes que os habitaron.

No 1975, apareceu unha magnífica publicación na que fai unha tentativa de clasificación cronolóxica e formal da cerámica castrexa. Fallou no inicio por partir do tipo Penha, pero aínda hoxe segue a ser válida na súa meirande parte (ALMEIDA, 1975a). Tamén este ano, dá a coñecer os resultados da primeira escavación dun monumento con forno e, aínda que non foi el o primeiro en dicir isto, pois xa Conde-Valvís - el non o cita - opinaba así 20 anos antes, defende que se trata dun recinto termal. Do que non hai dúbida, despois da súa escavación, é de que foi feito no S. I d.C., eliminando así tódalas hipóteses de prerromanismo destes monumentos (ALMEIDA, 1975b). Veñen logo dúas publicacións, compartidas con Vítor Oliveira Jorge, que, persoalmente, non considero ningunha contribución ós coñecementos da Cultura Castrexa, e as conclusións ás que chegan non me lembran en absoluto a Ferreira de Almeida (ALMEIDA e JORGE, 1979b e JORGE e ALMEIDA, 1980a); el sempre falou (antes e despois destes traballos) de guerreiros galaico-minhotos, mentres que aquí do que se fala é de guerreiros lusitanos e fanse pertencer á Idade do Ferro, cando el sabía que os do Monte Mozinho eran de época augústea. Certamente, non sei que fai na portada o seu nome.

De 1980, temos un estudo estritamente arqueolóxico-tipolóxico sobre un posible templo no Monte Mozinho (ALMEIDA, 1980b), outro tamén tipolóxico sobre uns achados do Castelo de Neiva (ALMEIDA, 1980c), traballo que reaparecerá, o ano seguinte, noutra revista. De 1981, será a memoria de escavación do castro de Santo Estêvão da Facha, dirixida por el e publicada en colaboración. Dou fe, xa que participei nos traballos, como consta na primeira nota, da finura coa que Ferreira de Almeida diseccionaba estratos e niveis, nun espazo reducidísimo, desde o mundo medieval ata os inicios do castrexo, con cerámicas tipo Alpiarça, áticas e de tradición púnica (ALMEIDA et alii, 1981b). Ó ano seguinte, publicará o mesmo grupo unhas datacións de C14 do xacemento. Posiblemente foran mal calibradas e eles mesmos esperaban, polos materiais, uns 100 anos máis de antigüidade para as mesmas (ALMEIDA et alii, 1982b).

Publica, en 1981, unha estatua de guerreiro galaico que, pouco despois do seu achado, examinamos, nunha visita conxunta, colegas das dúas bandas do Miño. Obviamente, tendo en consideración o tema da miña tese doutoral, da que tanto falei, discutín e intercambiei ideas con el, concordo coa meirande parte do que dixo dela (ALMEIDA, 1981c). Non podo dici-lo mesmo do que sobre esta peza e o que representa opina ó ano seguinte, no decurso dunha polémica con Silva, xa que entra en contradición con case todo o que tiña dito o ano antes (ALMEIDA, 1982c).

Imos chegar agora á derradeira fase de Ferreira de Almeida como arqueólogo. Variadas razóns farán que o autor dedique máis tempo ós estudos de arte en detrimento dos de arqueoloxía. Pero antes de deixar este eido da investigación, fará aínda unha enorme contribución ó mesmo. En 1983, vai publicar un pequeno artigo, no que condensa todo o que para el é a Cultura Castrexa, na que valorará, sobre todo, o poboado como definatorio, por riba da especificidade de artefactos ou enterramentos. Acuñará o título de “*Primeira civilização de pedra*” do NO. Fará unha periodización do castrexo, diferente ó que tiña dito noutras ocasións e coa que concordo, agás co que considero un pequeno desvío cara ó presente, no que el chama “*Castrejo Antigo*”, desvío que procede da calibración das datas de C₁₄ da Facha. Sen lugar a

dúbidas, esta publicación representa un fito para o coñecemento da Cultura Castrexa. Está escrita a xeito de ensaio ou traballo de opinión, sen citar bibliografía (ALMEIDA, 1983c).

Catro traballos seguirán a este, pero realmente non son máis que repeticións, mesmo con textos idénticos. Nun deles, que redacta para un curso sobre Castrexo e Historia Antiga (ALMEIDA, 1983d), veremos pequenas variantes, sobre todo no emprego de bibliografía, e máis concretamente históricas e antropolóxicas (volvemos a atopar a Malinowski e ó seu punto cero). Temos outro, no que practicamente tan só cambia o título, amais de mencionar por primeira vez, nos seus traballos, o tema da *origo*, algo que semella non entusiasmarlle, quizais pola alusión a *castella* e non a *castra*. Non hai que esquecer que el sempre defendeu a tradución de *castellum* por castro, mesmo en época medieval (Cfr. o traballo citado de 1966). Só hai dúas citas bibliográficas (unha del, e non precisamente a de 1965, con tema semellante e tratamento totalmente distinto, e outra de Mergelina) (ALMEIDA, 1984). Se o anterior foi escrito para un curso en Oviedo, para outro, de Donostia, volverá a facer unha case repetición, na que, como novidade, atoparemos unha serie de cadros, explicables moi posiblemente por un cambio no seu estado civil. Rebaixa, sen xustificación, a cronoloxía da petrificación das casas con respecto ós traballos anteriores, e fai unhas apreciacións sobre a gramática decorativa castrexa e o seu papel na sociedade que considero absolutamente erradas (ALMEIDA, 1985). E chegamos ó derradeiro traballo sobre Cultura Castrexa e romanización, no que volve a cambiar o título, pero non o contido. O texto é case que idéntico e repítense cadros e mapa do anterior (ALMEIDA, 1986b).

Se ó primeiro traballo de 1983 lle engadira os cadros destes dous últimos, non precisaba facer cinco publicacións, pero dá a impresión de que Ferreira de Almeida perdeu o interese por seguir a investigar no eido da Cultura Castrexa e decidiu escribir unha a xeito de despedida, de manda testamentaria científica; pero diferentes cursos seguen a reclamálo e el vai co que ten feito; agora as súas inxerencias camiñan noutras direccións.

Miramos, ó primeiro, as fontes e os métodos de Ferreira de Almeida en Antropoloxía, Historia e Arte. ¿Que podo dicir agora sobre o arqueólogo? Por suposto, manexou todo tipo de autores, aínda que nos últimos anos decidira non citar a ningún; pero a súa grande contribución ó coñecemento da Cultura Castrexa deriva da súa condición irrenunciábel de labrego, o que lle proporcionou un saber preciso das terras (lembro as veces que me demostrou unha diferenza de estrato, de cor e textura idéntica, só pola variedade do seu cheiro); xunto a isto, posuirá un raciocinio absolutamente lóxico e un coñecemento inmediato e familiar dos materiais. Cando, na década dos 70, empecei a traballar con el, impresionoume como clasificaba numericamente, e case sen mirar, calquera fragmento de sixilata ou bracarense por pequeno que fora, e non quero lembrar o que sucedía naquel tempo nas escavacións de Galicia. Xa por último, estou a ver a Carlos Alberto, paleta en man, limpando persoalmente aquel punto difícil que a súa intuición (baseada na ciencia e na experiencia) lle insinuaba que contería a clave para interpretar unha secuencia estratigráfica. E, cando vía algo con claridade, non dubidaba en expoñelo á colectividade científica, sen medo ó que se puidera dicir diante dun plantexamento absolutamente novo. Só facendo isto, avanza a ciencia, pois o cómodo é continuar a traballar coa cosmoloxía ptolomaica, sen se decatarse da revolución copernicana.

Puiden facer unha apoloxía do *mestre*, pero a el, científico por riba de todo, non lle gustaría. Foi tan importante o seu labor (eu diría decisivo) que as pequenas críticas ou discrepancias que fixen notar tan só testemuñan que, por fortuna, era humano. Grazas unha vez máis, Carlos, polo teu maxisterio e a túa amizade.

BIBLIOGRAFÍA

ALMEIDA, Carlos Alberto Ferreira de

(1965): "O problema das casas redondas castrejas". *Actas do III Colóquio Portuense de Arqueologia. Lucerna*. Vol. IV. Porto, 196-204.

(1966): "O Documento 13 dos 'Diplomata et Chartae'". *Actas do IV Colóquio Portuense de Arqueologia. Lucerna*. Vol. V. Porto, 635-642.

(1968): *Vías Medievais I. Entre-Douro-e-Minho*. Dissertação de Licenciatura. Faculdade de Letras. Porto. Ed. multicopiada.

(1969): *Romanização das terras da Maia*. "Estudos sobre a Terra da Maia". Vol. IV, Maia.

(1970): "Algumas notas sobre o processo de romanização da zona de Entre Douro e Ave. Separata das *Actas das I Jornadas Arqueológicas*. Lisboa.

(1971): "Uma escultura castreja de Calheiros, Ponte de Lima. Duas considerações". *Actas do II Congresso Nacional de Arqueologia*. Coimbra, 293-297.

(1972): "A Póvoa de Varzim e o seu aro na antiguidade". Separata do *Boletim Cultural Póvoa de Varzim*, vol. XI, nº 1. Póvoa de Varzim.

(1973a): "Cerâmica Romana de Fiães". Separata da *Revista da Faculdade de Letras. Série de História*, vol. III. Faculdade de Letras. Porto.

(1973b): "O Castro de Fiães (II)". Separata da *Revista da Faculdade de Letras. Série de História*, vol. III. Faculdade de Letras. Porto. (En colaboración con Eugénio dos Santos).

(1973c): "Notas sobre a Alta Idade Média no Noroeste de Portugal". Separata da *Revista da Faculdade de Letras. Série de História*, vol. III. Faculdade de Letras. Porto.

(1974a): "Paganismo - sua sobrevivência no ocidente peninsular". *In memóriam António Jorge Dias*. Separata do vol II. Lisboa.

(1974b): *Escavações no Monte Mozinho (1974)*. Centro Cultural Penafidelis. Penafiel.

(1974c): "Influências Meridionais na Cultura Castreja". Separata da *Revista da Faculdade de Letras. Série de História*, vol. IV. Faculdade de Letras. Porto.

(1975a): "Cerâmica Castreja". Separata da *Revista de Guimarães*, vol. LXXXIV. Guimarães.

(1975b): "O monumento com forno de Sanfins e as escavações de 1973". *Archaeologica Opuscula. Miscelânea de Arqueologia Nortenha*. Porto, 5-28.

(1977): *Escavações no Monte Mozinho II. 1975-1976*. Centro Cultural Penafidelis. Penafiel.

1978a): *Arquitectura Românica de Entre-Douro-e-Minho*. Dissertação de Doutoramento. Faculdade de Letras. Porto. Ed. multicopiada.

(1978b): *Castelologia Medieval de Entre-Douro-e-Minho. Desde as origens a 1220*. Trabalho complementar de Doutoramento. Porto. Ed. multicopiada.

(1979a): "O culto a Nossa Senhora, no Porto, na época moderna. Perspectiva antropológica". Separata da *Revista de História*, vol. II. Faculdade de Letras. Porto.

(1979b): *A estátua-menir de Faiões (Chaves)*. Trabalhos do Grupo de Estudos Arqueológicos do Porto, nº 2. Porto. (En colaboración con Vítor Oliveira Jorge).

(1980a): *A estátua-menir fálica de Chaves*. Trabalhos do Grupo de Estudos Arqueológicos do Porto, nº 6. Porto. (En colaboración con Vítor Oliveira Jorge).

(1980b): "O templo do Mozinho e o seu conjunto". *Portugalia*. Nova Série, vol. I. Instituto de Arqueologia da Faculdade de Letras. Porto, 51-56.

- (1980c): "Importantes objectos de bronce de Castelo de Neiva". *Arqueologia*, nº 2. Grupo de Estudos Arqueolóxicos do Porto. Porto, 45-49.
- (1981a): "Territorio parroquial de Entre-Douro-e-Minho. Sua sacralización". *Nova Renascença*. Vol. I, nº. 2. Porto, 202-212.
- (1981b): "Escavações arqueológicas em Santo Estêvão da Facha". Separata de *Arquivo de Ponte de Lima*, vol. 3, Ponte de Lima. (En colaboración con Carlos A. Brochado de Almeida, Teresa Soeiro e António José Baptista.).
- (1981c): "Nova estátua de guerreiro galaico-minhoto (Refojos e Basto)". *Arqueologia*, nº 3. Grupo de Estudos Arqueolóxicos do Porto. Porto, 111-116.
- (1982a): "Iconografía do Presépio Medieval". *Arqueologia*, nº 6. Grupo de Estudos Arqueolóxicos do Porto. Porto, 137-151.
- (1982b): "Duas datações de C14 para o castro de Santo Estêvão da Facha". *Arqueologia*, nº. 6. G.E.A.P. Porto, 79. (En colaboración con Teresa Soeiro, Carlos Alberto Brochado de Almeida e António José Baptista).
- (1982c): "Correspondência. Resposta". *Arqueologia*, nº. 5. G.E.A.P. Porto, 82-84.
- (1982d): "Santos Graça, antropólogo". *Boletim Cultural da Póvoa de Varzim*, vol. XXI, nº 2. Póvoa de Varzim, 281-294.
- (1983a): *A Anunciação na Arte Medieval em Portugal. Estudo iconográfico*. Instituto de História da Arte. Faculdade de Letras. Porto.
- (1983b): *O Díptico-Relicário de Arouca*. Instituto de História da Arte. Faculdade de Letras. Porto.
- (1983c): "Cultura Castreja. Evolução e problemática". *Arqueologia*, nº. 8. Grupo de Estudos Arqueolóxicos do Porto. Porto, 70-74.
- (1983d): "O Castrejo sob o domínio romano: a sua transformação". PEREIRA MENAUT (Ed.): *Estudos de Cultura Castrexa e de Historia Antiga de Galicia*. Universidade de Santiago-Instituto de Estudios Galegos Padre Sarmiento. Santiago, 187-198.
- (1984): "A casa castreja". *Memorias de Historia Antigua*, vol. VI. Oviedo, 35-42.
- (1985): "Arquitectura e arte castreja. A sua lição para os fenómenos e assimilação e resistência". *Asimilación y resistencia a la romanización en el norte de Hispania*. IV Cursos de Verano en San Sebastián. Universidad del País Vasco. Vitoria.
- (1986a): "A paróquia e o seu territorio". *Cadernos do Noroeste*, vol. 1. Universidade do Minho. Braga, 113-130.
- (1986b): "Arte castreja. A sua lição para os fenómenos de assimilação e resistência à romanidade". *Arqueologia*, nº 13. Grupo de Estudos Arqueolóxicos do Porto. Porto, 161-172.

